

A desautomatización fraseolóxica en titulares xornalísticos cubanos do ano 2019¹

The phraseological manipulation in Cuban headlines during 2019

Geisy Labrada Hernández

Universidade de Holguín

<https://orcid.org/0000-0001-6303-8290>

geisylh@uho.edu.cu

Irina Bidot Martínez

Universidade de Oriente

<https://orcid.org/0000-0001-8653-9178>

bidot@uo.edu.cu

Celia María Pérez Marqués

Universidade de Oriente

<https://orcid.org/0000-0002-0243-8159>

celiapm@uo.edu.cu

Resumo: O obxectivo deste artigo é identificar as funcións que desempeñan as unidades fraseolóxicas desautomatizadas nos titulares xornalísticos cubanos. Para iso elaborouse un corpus con 2689 titulares seleccionados de 144 exemplares, en versión impresa, dos tres xornais nacionais: *Granma*, *Juventud Rebelde* e *Trabajadores* correspondentes ao ano 2019. Na súa análise séguese unha perspectiva fraseolóxico-pragmática, na que se ten en conta a forma e o significado fraseolóxico das expresións en relación co contexto comunicativo onde se utilizan. Ademais de provocar interese e atraer a atención dos lectores, esta forma de título serve como vehículo para a ideoloxía subxacente; minimiza o papel do xornalista no que se valora ou comenta; representa unha forma de argumentación e contribúe á construción da opinión do autor. Como obxecto de estudo, a cualificación xornalística revela a orientación do medio, a posición asumida respecto ás noticias e a intención que guía o tratamento do tema. O presente traballo, ao solaparse coa fraseoloxía, tamén nos permite discernir como as nocións, actores e puntos de vista se conceptúan a través de expresións desautomatizadas, a través das cales tamén se indexa estratexicamente a ideoloxía do discurso. Por iso, destaca o valor da prensa como fonte prolífica para os estudos lingüísticos e como forma de entender a realidade sociocultural do territorio ao que pertence.

Palabras clave: desautomatización, fraseoloxía, unidade fraseolóxica, titular, prensa cubana.

Abstract: The objective of this article is to identify the functions performed by manipulated phraseological units in Cuban headlines. For this purpose, a corpus containing 2689 headlines was elaborated selecting from 144 printed copies of the three national newspapers: Granma, Juventud Rebelde and Trabajadores corresponding to the year 2019. In its analysis, a phraseological-pragmatic perspective is followed, in which the form and phraseological meaning of the expressions are examined in relation to the communicative context in which they are used. In addition to provoking interest and

¹ Data de recepción: 04.09.2020. Data de aceptación: 09.02.2021.

Tradución do texto orixinal realizada por Alba Giráldez Otero.

attracting the reader's attention, this form of title is a vehicle for the underlying ideology, it minimizes the role of the journalist in what is valued or commented, represents a form of argumentation and contributes to the construction of the author's opinion. As an object of study, the journalistic headline writing reveals the orientation of the newspaper, the position assumed regarding the news and the intention guiding the treatment of the subject. By overlapping with phraseology, the present work also allows us to discern how events, actors and points of view are conceptualized by means of manipulated expressions, through which the ideology of discourse is also strategically indexed. Thus, the value of the press as a prolific source for linguistic studies and as a way of understanding the sociocultural reality of the territory to which it belongs stands out.

Keywords: manipulation, phraseology, phraseological unit, headline, Cuban press.

1. Introducción

A presenza de unidades fraseolóxicas na interacción comunicativa diaria e en situacións marcadamente diferenciadas fomentou a vitalidade destas expresións. Tamén demostrou a creatividade e o enxeño dos falantes, que insisten en transformar o que se supuña inalterable, fixo ou prefabricado. Porén, os cambios que se producen son tan diversos como as motivacións que os propician e responden a intereses configurados por interlocutores e contextos. É por isto que fenómenos como a variación ou a desautomatización constitúen centros de interese das investigacións actuais (González, 2016; Díaz, 2016; Pamies, 2017; Pietrzak, 2017) e confirman a necesidade de considerar as múltiples formas que adopta a fraseoloxía no seu uso discursivo real.

A desautomatización, entendida como “la manipulación en la forma y el contenido de una unidad fraseológica para producir determinados efectos” (Ruiz Gurillo, 1997: 21), analizouse sobre todo en textos publicitarios, xornalísticos e literarios (Zuluaga, 1997; Guerrero, 2017; Pontrandolfo 2017; Cervera, 2019). En Cuba, os estudos sobre o tema son moi escasos, característica que responde á súa vez á falta de sistematicidade nos estudos fraseolóxicos do país de maneira xeral². A pesar das importantes investigacións realizadas nos anos oitenta do século pasado por Zoila Carneado e Antonia María Tristá, este non foi un tema recorrente na actividade científica durante as dúas últimas décadas. Porén, aparecen algunhas teses, relatorios e artigos illados. Un exemplo disto son os traballos de Alfaro (2000, 2007, 2019), Aldama (2015), Ruiz Miyares (2015) e Palacio (2018).

Esta escaseza de estudos sobre a temática fraseolóxica en Cuba contrasta coa multiplicidade de contribucións que poderían traer consigo. Polo tanto, as unidades fraseolóxicas perfilanse como obxectos de análise novidosos que contribúen a unha comprensión máis ampla do funcionamento da lingua española no territorio. No caso concreto da

² Na *XI Conferencia Internacional de Lingüística*, celebrada no Instituto de Literatura e Lingüística “José Antonio Portuondo” en 2019, tivo lugar o panel “Estudios de fraseología cubana después de Antonia M. Tristá y Zoila V. Carneado”. Nel valorouse o estado actual das investigacións fraseolóxicas en Cuba e resaltouse a necesidade de estendelas a todo o país. Por este motivo, en febreiro de 2020 aprobouse a conformación do GEFRASCU (Grupo de estudos de fraseoloxía cubana), que está presidido polo Dr. Luis Alfaro Echevarría e conta con membros nacionais e estranxeiros, entre os que se atopan as autoras do presente traballo, cuxo obxectivo se insire nas liñas de investigación do grupo.

desautomatización, a prensa cubana, lonxe dos modelos populares-sensacionalistas, constitúe un campo de estudo especialmente diferenciado. Aínda así, cómpre destacar que as peculiaridades non se evidencian nos recursos desautomatizadores que se empregan, senón nos efectos que desencadean segundo o tema e o obxectivo co que se utilizan.

A presente investigación ten como obxectivo identificar as funcións que desempeñan as unidades fraseolóxicas desautomatizadas nos titulares periodísticos cubanos. Para iso, elaborouse un corpus con 2689 titulares extraídos dunha mostra de 144 exemplares dos tres xornais de alcance nacional: *Granma*, *Juventud Rebelde* e *Trabajadores*. Seleccionáronse de forma aleatoria, concretamente catro exemplares de cada mes do ano 2019. Tomouse como base unha perspectiva fraseolóxico-pragmática, na que se analiza a forma e o significado fraseolóxico das expresións en relación co contexto comunicativo onde se empregan.

Por outra banda, cómpre salientar que o ano 2019 comezou coa posta en marcha da nova Política de Comunicación Social do país. Ademais, en 2018 tivo lugar o *X Congreso de la Unión de Periodistas de Cuba* (UPEC), onde se sentaron as bases dunha prensa acorde coa dinámica dun modelo político-social que tamén estaba a renovarse. Neste sentido, o período de tempo seleccionado para o presente estudo constitúe unha etapa importante, aínda que inicial, dun proceso de actualización do xornalismo cubano.

A titulación xornalística constitúe na actualidade un tema en constante análise e renovación, especialmente se se ten en consideración a súa masiva función protagonista nos medios de comunicación. Para editores, xornalistas e lectores os titulares condensan a antesala e a esencia de cada información. Así, uns tentan poñer en práctica a maior cantidade posible de recursos innovadores, mentres que outros esperan desentrañar o verdadeiro significado co menor esforzo posible.

Como obxecto de estudo, a titulación xornalística pon de manifesto a opinión do medio, a posición asumida con respecto á noticia e a intención que guía o tratamento do tema. A presente investigación, ao imbricarse coa fraseoloxía, tamén permite discernir como se conceptúan acontecementos, criterios e puntos de vista a través de expresións desautomatizadas. Confírmase así o valor da prensa como unha fonte prolífica de análises lingüísticas cunha ampla dimensión social. Esta representa un “interesante punto de observación para conocer la imagen que de sí mismos han fabricado los grupos sociales, la forma como conciben su interrelación con otros y, en suma, la ideología que modela sus conciencias” (Salgado, 2009: 19).

2. Un achegamento á desautomatización fraseolóxica

Segundo Corpas (1996: 29), a desautomatización “tiene que ver con la manipulación creativa e intencionada”. A diferenza da variación, os cambios que ocorren nunha unidade fraseolóxica desautomatizada son ocasionais e voluntarios. Non obstante, Zuluaga (1975: 247) subliña que o éxito destes cambios “depende del acierto de la manipulación”. Deste xeito, a desautomatización non debe concibirse como un simple feito lingüístico de combinación, inclusión ou exclusión de elementos, senón como un fenómeno rexido polo coñecemento cultural e o nivel de fixación da unidade fraseolóxica. Nel resultan

fundamentais o contido do fraseoloxismo orixinal, o contido xerado a partir do cambio e a información extralingüística almacenada no imaxinario colectivo.

Timofeeva (2009: 254) sostén que “la esencia de la desautomatización radica en la recuperación de la unidad original, para que el cambio sea valorado y juzgado en función de los efectos inferenciales que desencadena”. Cómpre aclarar entón que calquera manipulación dunha unidade fraseolóxica non constitúe unha desautomatización desta. Un exemplo disto son os cambios ocorridos a partir do esquecemento, o descoñecemento ou a confusión dos falantes. En casos contrarios, estas alteracións non son inconscientes, senón que implican o coñecemento e dominio da unidade fraseolóxica orixinal e da función que esta desempeñará no novo contexto onde se produce o cambio.

Por outra banda, o medio no que se produce a desautomatización exerce unha grande influencia no seu alcance e difusión. Aínda que se argumentou o uso ocasional dunha unidade fraseolóxica modificada intencionadamente, esta tamén pode alcanzar un certo grao de fixación, non tan considerable como para substituír quizais á orixinal, pero si recoñecible nun determinado período de tempo e nun territorio específico. Téñense en consideración dous exemplos obtidos da música cubana: *camarón que se duerme, se lo comen los turistas*³ e *hasta que se seque el malecón*⁴.

A primeira ten a súa orixe na expresión *camarón que se duerme, se lo lleva la corriente*; cando se manipula adquire unha función connotativa e é capaz de activar saberes culturais, mesmo cando mantén o seu significado primario. Con ela faise alusión ao sector turístico como unha das prioridades investidoras no país, á que se dedican recursos significativos que proveñen de todas as ramas da economía. Ademais da substitución da segunda parte da súa estrutura bimembre, obsérvase a literalización dos seus compoñentes individuais.

Respecto á segunda unidade, cómpre salientar que procede da frase *hasta que se seque el mar*, cuxo significado está relacionado co feito de eternizar unha acción, estado ou proceso. O dique habaneiro é un dos lugares máis distintivos de Cuba. A substitución léxica do substantivo *mar* por outro pertencente ao mesmo campo semántico mantén o significado exposto anteriormente, pero ao mesmo tempo individualízao. Isto débese a que lle engade elementos propios dun territorio, portadores dunha ampla historia sociocultural, que lle permiten ao falante recoñecerse en medio da xeneralización. Isto é posible porque, segundo García-Page, a expresión desautomatizada “es informativamente más rica en estímulos, porque interactúan las explicaturas del significado idiomático y del significado literal reactivado y las implicaturas intrínsecas en cuanto al hecho cultural perteneciente a la memoria colectiva” (2008: 261-262).

Ambos exemplos demostran a posibilidade de fixar unidades fraseolóxicas desautomatizadas, que poden chegar a converterse en variantes do fraseoloxismo orixinal. Para que isto suceda, ademais dos criterios de coherencia e acerto que se deben seguir se se pretende conseguir unha desautomatización efectiva, é esencial un contexto no que

³ Correspóndese coa canción “Nacimos ángeles” do dúo *Buena Fe*.

⁴ Esta expresión dá título a unha das cancións interpretadas polo músico urbano Jacob Forever.

conflúan sólidos coñecementos culturais, sociais e, por suposto, unha mesma linguaxe funcional. Do mesmo xeito, contribúen o grao de difusión da expresión resultante, o prestixio, a popularidade ou o recoñecemento social do autor e as deducións que os receptores sexan capaces de realizar a partir do cambio, xunto coa información extralingüística que teñen á súa disposición.

2.1. Cara a unha tipoloxía da desautomatización fraseolóxica

Na eficacia da desautomatización inciden os recursos lingüísticos empregados. Non se trata só de seleccionar un ou outro, senón de analizar obxectivamente cal deles resulta máis acertado segundo o efecto que se pretende desencadear. Ás veces un único procedemento non é o suficientemente eficaz e é necesaria a combinación de varios. Ao referirse a estes recursos é imprescindible mencionar os tipos de desautomatización que poden ter lugar. Como é típico da investigación fraseolóxica, os criterios respecto a este tema son diversos, como sucede con outros contidos, dígase a variación, a clasificación das unidades ou a súa definición, entre moitos outros que inclúen incluso o propio alcance da fraseoloxía.

Corpas e Mena (2003: 192-193) insisten en “separar las variaciones que ocurren en el aspecto formal de las que se producen en relación con otros aspectos que conectan la unidad con su entorno” e divídenas en modificacións formais e modificacións semántico-contextuais e pragmáticas. Dentro das primeiras inclúen a substitución léxica, a extensión, a redución, as modificacións gramaticais e a fusión ou contaminación, é dicir, “manipulaciones intencionadas y creativas que se producen en la estructura formal de la unidad fraseológica” (Corpas e Mena, 2003: 193). Aclaran que as segundas ocorren, pola contra, “en el entorno textual o pragmático [...] y si no se presentan junto a su contexto, son imperceptibles a simple vista” (2003: 196). Forman parte deste grupo a violación dalgunha das condicións de selección, ben sexan semánticas, lingüístico-textuais ou pragmáticas, así como a literalización dos compoñentes individuais da expresión.

Pola súa banda, Timofeeva (2009) clasifica a desautomatización en formal, semántica e discursiva. Dentro das transformacións formais menciona os cambios, adicións ou supresións de xeito xeral, non especifica así a modificación gramatical presentada por Corpas e Mena (2003: 196), que a definen “como el epígrafe general bajo el que se reúnen la inversión de los elementos, el cambio de afirmación a negación y los cambios de número de algún constituyente”. Tampouco se advirte a presenza da fusión, é dicir, a mestura de dúas ou máis unidades, catalogada por García-Page (2006) como acrónimo fraseolóxico e estudada por investigadores como Corpas (1996), Vigará (1998) ou Guerrero (2017).

En canto á desautomatización semántica, Timofeeva (2009: 258) argumenta que “tiene que ver con la composición léxica del fraseologismo [...] Se puede fundamentar en la existencia de un homófono o de un cuasi-homófono de alguno de los lexemas”. Tamén aclara que as posibilidades polisémicas dos compoñentes tamén poden incidir neste tipo de desautomatización, así como a recuperación total ou parcial do seu significado literal. Corpas e Mena (2003: 193) abordan nas modificacións formais as relacións de homonimia tidas en conta por Timofeeva (2009) para a tipoloxía semántica. Nelas tamén

insiren o uso de sinónimos, antónimos, hiperónimos, hipónimos, parónimos e destacan que estes últimos se apoian na semellanza fonético-fonolóxica para constituír o cambio.

A desautomatización discursiva, segundo Timofeeva (2009: 259-260), “hace referencia a un uso inadecuado, desde el punto de vista discursivo, de la unidad fraseolóxica, como por exemplo la mezcla de registros [...]. Se manifiesta solo en el momento de inserción de la expresión en un enunciado mayor”. Por último, Guerrero (2017) coincide con taxonomías clásicas como as de Corpas (1996), Corpas e Mena (2003) e García-Page (2008). Do mesmo xeito, establece dous grandes grupos de modificacións: formais e semánticas. Mantén as tipoloxías de Corpas e Mena (2003) explicadas anteriormente, pero engade o cambio de modalidade oracional como unha clasificación separada no grupo das formais. As outras autoras mencionadas incluían este procedemento no subtipo de modificacións gramaticais.

Como se observa ata agora, a temática da desautomatización fraseolóxica presenta unha diversidade de criterios tanto na terminoloxía empregada como nas taxonomías que se conforman. Para o presente estudo tomouse como base teórica da análise a proposta de Corpas e Mena (2003), á que se lle incorporou o subtipo de cambio de modalidade de oración proposto por Guerrero (2017). A decisión baséase en que este procedemento incide na totalidade do fraseoloxismo, que funciona como unha unidade, un todo. Polo tanto, os efectos de transformar expresións afirmativas en negativas ou interrogativas reflíctense en toda a expresión, superando a singularidade dalgún dos seus compoñentes⁵. Teranse en conta como modificacións gramaticais as demais fontes de ruptura mencionadas por Corpas e Mena (2003).

2.2. Principais efectos da desautomatización fraseolóxica

A posta en práctica dalgún destes procedementos desencadea efectos discursivos que producen consecuencias inferenciais moi útiles en textos publicitarios, xornalísticos ou literarios. Se se ten en conta a expresividade das unidades fraseolóxicas, maior que a dos lexemas simples, dedúcese o potentes que poden resultar cando se desautomatizan. Aínda que os fraseoloxismos constitúen un todo resultante da combinación dos seus compoñentes, cada un destes, por separado, proporciona unha considerable riqueza expresiva. Así o demostran o significado polisémico de tantas palabras da lingua española ou as motivacións e consecuencias dos cambios semánticos.

Todos estes elementos sintetízanse nas unidades fraseolóxicas para dar lugar a unha expresión amplamente matizada, que, á súa vez, é o reflexo dun variado fondo cultural. Isto tamén se pon de manifesto nas diferentes funcións textuais que poden desempeñar e que, segundo Zuluaga (2001: 72-73), se centran en condensar e simplificar a comprensión; son, ademais, icónicas e connotativas, de marcación rexional ou social sobre todo, e contribúen a realzar a información. Cando se desautomatizan, apréciase a efectividade dos fraseoloxismos, de acordo con Timofeeva (2009: 260) e Guerrero (2017: 110), na

⁵ Tamén cómpre ter en conta que, segundo García-Page (1998), existen unidades fraseolóxicas que se fixaron de forma negativa, outras permiten unha actualización negativa ou afirmativa no discurso e, nalgúns casos, o cambio de modalidade implica a existencia de unidades diferentes.

súa capacidade de crear incerteza e provocar interese; tamén favorecen as distintas inferencias e, con elas, implicaturas diversas e son fontes de innovación e creatividade.

Como as unidades fraseolóxicas son expresións que non se deben ler literalmente, resulta esencial a súa capacidade para crear implicaturas. A propia natureza do significado fraseolóxico trae consigo a presenza de implicaturas xeneralizadas, dado que constitúen estruturas sintácticas que xeran unha interpretación pragmática que difire do que está codificado de xeito lóxico (Grice, 1989). Así, o proceso de desautomatización favorece entón a activación de implicaturas particulares, xa que cada expresión toma o seu novo significado a partir da información contextual onde se actualiza.

Paralelamente, mediante a modificación dunha determinada unidade fraseolóxica prodúcese un estímulo ostensivo que, en palabras de Rajic (2013: 353), atrae a atención do interlocutor, quen, a través dun proceso inferencial e a partir do mencionado e dos datos contextuais, debe interpretar o contido comunicativo e recoñecer a intención do emisor. Estes elementos correspóndense co Principio de relevancia de Sperber e Wilson (1986), onde destaca o interese do falante por escoller o estímulo lingüístico máis relevante, o que produza maiores efectos contextuais e que poida ser procesado polo receptor dun xeito pertinente e con menos esforzo. De aí a necesidade de analizar polo miúdo as posibilidades de inserir no discurso unha unidade fraseolóxica desautomatizada, especialmente no dos medios de comunicación masiva. Non se debe obviar que, segundo Moya (2006: 39), o oínte debe percibir que se trata dun estímulo intencional, dunha modificación do contexto feita conscientemente para atraer a súa atención. A partir disto, poderá inferir que información se sinala e con que intención.

O uso de expresións desautomatizadas tamén ten a función de xerar confusión e provocar interese, por iso se relaciona coa función fática da linguaxe, orientada neste caso a iniciar e manter a comunicación. Ao mesmo tempo, segundo o Principio de cooperación de Grice (1975), viola a máxima de maneira, cuxa esencia reside en ser claro e ordenado na información que se transmite. Cando o emisor emprega o fraseoloxismo manipulado, escolle unha forma máis complexa de dicir algo para conseguir maiores efectos. Tamén constitúe un método de intensificación lingüística. Isto débese a que forma parte dun proceso comunicativo no que un dos interlocutores manipula a expresión ou o significado para producir resultados intencionados.

Sen dúbida, o proceso de desautomatización fraseolóxica require unha consecución harmónica de pasos que dean lugar ao resultado planificado, que quizais podería conter unha maior riqueza de inferencias e alusións que as pensadas polo emisor. Tal posibilidade converteríase así nunha consecuencia positiva ou negativa, xa que a mensaxe podería interpretarse dun xeito totalmente terxiversado, centrarse só nun dos matices engadidos ou, pola contra, favorecer unha gran variedade de información implícita e xerar un maior grao de interese.

A diferenza da linguaxe oral, onde os falantes conviven coa inmediatez comunicativa, o efémero das mensaxes e o número limitado de interlocutores, a lingua escrita presupon unha análise maior do uso da linguaxe. Esta máxima asume unha maior responsabilidade

cando se trata de medios de comunicación masiva. No caso particular das unidades fraseolóxicas desautomatizadas, resulta esencial estudar polo miúdo a súa posible inclusión nun texto. O autor debe sopesar os efectos e as inferencias que ocasionará a expresión, que, como xa se explicou, poden ser moitos ou ningún. Por esta razón, esta temática expónse como un recurso que se debe considerar se se pretende facer pensar aos receptores e predicir unha parte considerable da dirección dos seus pensamentos.

3. A desautomatización fraseolóxica como forma de titulación xornalística

A efectividade da desautomatización fraseolóxica para xerar interese condiciona a súa presenza nos titulares xornalísticos. En palabras de Zorrilla (1996: 8) “la inmensa mayoría de los lectores son lectores de titulares, solo leen el cuerpo del trabajo si se sienten suficientemente atraídos”. Por esta razón foi esencial que estes “rótulos luminosos y seductores con el paso del tiempo hayan multiplicado sus recursos creativos” (López, 2019: 22).

O presente estudo parte da definición de titular como título dunha información, proposta por López de Zuazo (1990) e retomada por Nadal (2011). Coincide tamén con Van Dijk (1990) ao recoñecer que se define no titular o enfoque ou a orientación que o medio lle outorga ao acontecemento presentado.

Para os medios tradicionais como a televisión, a radio ou a prensa, as tecnoloxías actuais constituíron durante os últimos anos un motivo de renovación e busca de novas estratexias para manter os niveis de audiencia. Neste sentido, a prensa impresa, ademais de permanecer constantemente reformada, apoiouse na dixitalización dos seus xornais. Con isto, aumenta o seu nivel de actualidade informativa, chega a un maior número de lectores e reduce os custos de impresión. Non obstante, a súa versión impresa representa un modelo de tradición que persiste na vida cotiá de lectores de todos os grupos de idade.

Deste xeito, os titulares insírense nunha complexidade aínda maior: non só deben captar a atención do lector para que consuma todo o corpo da noticia, senón tamén para que atope no xornal un punto de vista atractivo e diferente ao proporcionado por outros medios de comunicación. Co obxectivo de acadar estas aspiracións empréganse diversos recursos visuais, tipolóxicos, gráficos e, por suposto, lingüísticos. Entre estes últimos están, segundo Mancera (2014: 83-92), a sufixación apreciativa; o uso de neoloxismos, de metáforas, de unidades fraseolóxicas e da interrogación como rema; a apócope de palabras; a suspensión de enunciados e a desautomatización. A presenza destes recursos nos titulares periodísticos non é novidosa e, ás veces, interpretouse como un signo negativo da política editorial, xa que o seu uso excesivo pode atentar contra o obxectivo xeral da prensa: informar.

Porén, se temos en conta a clasificación dos titulares proposta por López (2009) — expresivos, apelativos, informativos, enunciativos, creativos e de actos de fala— advírtese a lóxica configuración lingüística do titular en relación co tipo de publicación, o xénero

xornalístico e o modelo xenuíno do xornal (popular-sensacionalista ou informativo-interpretativo). É máis frecuente entón o uso de formas creativas de titulación en reportaxes, comentarios, entrevistas ou crónicas; non así nas noticias. Nestas últimas, a brevidade, a precisión e a claridade na linguaxe son características esenciais, aínda que, segundo o tema que traten e o tipo de xornal onde se publiquen, estas características poden apoiarse nalgúns dos recursos lingüísticos mencionados. Cómpre lembrar que, a través da forma de cada un dos seus textos, o xornal expresa o sentido editorial que lles atribúe aos feitos acontecidos.

En palabras de Van Dijk (1983: 86) “los titulares son el lugar predilecto para las opiniones implícitas”, de aí que a eficacia da mensaxe dependa da calidade da súa codificación, que serve de base para a interpretación do lector e o descubrimento desas implicaturas. Por outra banda, a función apelativa da linguaxe, é dicir, a capacidade do emisor de provocar unha reacción no receptor, reflíctese no interese da prensa por reforzar ou modificar as actitudes e as opinións dos lectores. En concreto, o uso de unidades fraseolóxicas nos titulares tenta reproducir un rexistro coloquial tomado da oralidade. Para Martínez (2012: 218), preténdese con isto conseguir un ton de intimidade e confianza coa audiencia e facerse entender máis rapidamente.

A variedade de recursos desautomatizadores, así como os efectos que desencadean, fundamentan a imbricación de perspectivas fraseolóxicas e pragmáticas en investigacións que toman a prensa como obxecto de análise. Nelas é esencial considerar o contexto comunicativo onde aparecen as unidades fraseolóxicas. É deste contexto precisamente de onde se toman elementos que logo se engaden á expresión e lle serven de áncora. Tampouco se debe obviar que os titulares e o resto do texto establecen relacións de coherencia global temático-informativa.

3.1. A prensa cubana e o seu camiño cara ao horizonte

A prensa en Cuba, como o resto de medios de comunicación masiva, presenta elementos distintivos que proveñen do modelo político-social implementado. Pertence ao Estado, réxese por unha política de comunicación común e segue un enfoque oficial e revolucionario⁶. No discurso pronunciado na clausura do *X Congreso de la Unión de Periodistas de Cuba* (2018), o presidente da República, Miguel Díaz-Canel, lembrou que o Partido Comunista de Cuba (PCC) e a prensa “vienen de una misma raíz y crecen en un mismo tronco”⁷.

Entre os principais temas abordados están os nacionais, con énfase na obra da Revolución, as tradicións históricas e de loita e a participación dos cubanos na vida do país. As novas ou comentarios sobre temas foráneos xiran en torno ás relacións entre Cuba e Estados Unidos e á actualidade latinoamericana, especialmente no que se refire a gobernos progresistas como o de Venezuela ou Nicaragua.

⁶ Refírese á Revolución Cubana, cuxo triunfo tivo lugar o 1 de xaneiro de 1959.

⁷ Este discurso ten como título “El camino hacia el horizonte que nos debemos”. Nel expuxéronse as principais proxeccións de traballo e os desafíos do xornalismo cubano para a etapa 2018-2023.

Estes temas difúndense a través de xornais como *Juventud Rebelde*, *Granma* e *Trabajadores*, de alcance nacional, e outros de carácter local⁸. Fundados en 1965, *Juventud Rebelde* e *Granma* son os órganos oficiais da Unión de Jóvenes Comunistas (UJC) e do Comité Central do PCC, respectivamente. Pola súa banda, *Trabajadores* creouse en 1970 como órgano oficial da Central de Trabajadores de Cuba (CTC) e aborda os acontecementos sindicais da illa.

Segundo o obxectivo exposto na presente investigación, non convén profundar nos desafíos ou problemas aos que se enfrenta a prensa cubana⁹. Só se argumentarán aqueles aspectos que poidan ter unha relación directa co tema en cuestión.

Un deles é o modelo oficialista e fundamentalmente informativo. Este tipo de prensa limita a flexibilidade na linguaxe e o uso de recursos creativos que poidan terxiversar ou dificultar a comprensión das publicacións. Para Garcés (2013), Cuba precisa “un periodismo de opinión, profundo y crítico, que informe y al mismo tiempo estimule la reflexión y el análisis”. Como se explicou no apartado anterior, o uso de unidades fraseolóxicas desautomatizadas permite crear inferencias e implicaturas diferentes, que nalgúns casos superan ou se desvían do planificado polo emisor. Polo tanto, o seu uso podería, en certos casos, macelar a ideoloxía subxacente e interpoñerse no proceso comunicativo.

Outro obxectivo da desautomatización é provocar interese e atraer ao lector. O atractivo ou non da prensa cubana, non só con respecto á súa visualidade, foi un tema constante dos últimos debates. García (2015) fundamentou a necesidade de lograr “un producto con una visión crítica [...] combinado con formas atractivas de realización”. A isto engádesse a pouca diversidade dos temas tratados, que, aínda que se diferencian do sensacionalismo e da crónica vermella, deben crear “un espacio para la cotidianidad” (Rubio e Pérez, 2018) e “interpretar creativamente el discurso político” (Garcés, 2013).

Nos debates do *X Congreso de la UPEC* destacou a importancia de achegar a prensa aos lectores cubanos e convertela nun reflexo de si mesmos. Volvendo a Mancera (2014), cómpre salientar que o uso de unidades fraseolóxicas ten entre os seus efectos o de fomentar un ambiente de confianza e intimidade coa audiencia.

Como se pode apreciar, algúns dos retos da prensa cubana derivan do propio uso da linguaxe, que, combinado co resto dos recursos dispoñibles, podería contribuír á consecución dun produto de maior calidade. Por outra banda, resulta evidente, segundo os problemas descritos, a complexidade de inserir expresións desautomatizadas no discurso xornalístico cubano. O seu emprego, aínda que non é frecuente, implica analizar polo

⁸ As quince provincias do país e o municipio especial Isla de la Juventud posúen un semanario que constitúe o Órgano Oficial do Comité Provincial do PCC en cada un destes territorios.

⁹ Para obter máis información sobre o tema, recoméndase consultar os seguintes documentos: *Resolución sobre los Medios de Difusión Masiva* (1976), *Política de Programación para la Radio y la Televisión cubanas* (1998), *Orientaciones del Buró Político del Comité Central del PCC para incrementar la eficacia informativa de los medios de comunicación masiva del país* (2007), así como os resumos de cada un dos congresos da Unión de Periodistas de Cuba (1963-2018).

miúdo o efectivas que poderían ser. Confírmase así o interese por investigar os obxectivos que perseguen unha vez empregadas.

O conxunto de aspectos analizados non incide de xeito negativo en estudos como o que aquí se presenta. Pola contra, configuran un contexto e unha fonte de análise novidosa e diferenciada. A través de ambos, é posible determinar os usos ou efectos particulares das unidades fraseolóxicas desautomatizadas na prensa cubana. Á súa vez, estas expresións son o resultado dun imaxinario colectivo único e irrepetible, un reflexo da propia identidade e cultura. Polo tanto, a prensa e a fraseoloxía constitúen un par necesario para determinar os trazos que identifican a unha nación, non só desde o punto de vista lingüístico, senón tamén social, político, económico, idiosincrático etc.

4. Conformación do corpus e precisións metodolóxicas

O proceso de elaboración do corpus organizouse en diferentes etapas que propiciaron a delimitación da mostra a partir da inclusión e exclusión de datos. En primeiro lugar, foi necesario determinar o período de tempo no que se enmarcaría a investigación. Como se explicou anteriormente, 2019 é un ano de grande interese para a política de comunicación cubana, especialmente debido á variedade de expectativas que trouxo consigo para os traballadores dos medios e para o público en xeral. Neste sentido, o período seleccionado marca un punto de inflexión, que pode ou non reflectirse directamente na prensa cubana e, polo tanto, no seu discurso.

Unha vez determinado o período no que se circunscribiría a mostra, seleccionáronse de forma aleatoria os exemplares correspondentes aos tres xornais nacionais. Para iso, tívose en conta unha proporción adecuada en cada unha das cantidades: catro exemplares de cada xornal por mes, en total 144. A continuación, extraéronse todos os titulares segundo a definición destes presentada anteriormente.

A mostra inicial está integrada por 2689 titulares. Destes, 909 pertencen a *Trabajadores*, 993 a *Granma* e 787 a *Juventud Rebelde*. Aínda que todos os exemplares deste último presentan o formato de 16 páxinas, a diferenza no número de titulares débese ás seccións nas que se organiza. Inclúe unha páxina dedicada á carteleira semanal da televisión cubana, outra ao humor gráfico e, ás veces, publica fragmentos de textos literarios. Ademais, a extensión das publicacións é maior en comparación cos outros dous xornais, moitas ocupan unha ou dúas páxinas e o resto case sempre se organiza en dous artigos por cada unha. Non sucede así en *Granma* e *Trabajadores*, especialmente no segundo, onde ás veces se agrupan ao redor de cinco publicacións na mesma cara.

A definición de unidade fraseolóxica de Corpas (1996: 20) serviu de base para a identificación destas expresións nos titulares recompilados:

Unidades léxicas formadas por máis de dos palabras gráficas en su límite inferior; cuyo límite superior se sitúa en el nivel de la oración compuesta, caracterizadas por su alto nivel de uso y coaparición de sus elementos integrantes; por su institucionalización, entendida en términos de fijación y especialización semántica;

por su idiomática y variación potenciales, así como por el grado en el cual se dan todos estos aspectos en los distintos tipos.

Tamén cómpre destacar que este estudo está rexido por unha concepción ampla da fraseoloxía (Ruiz Gurillo, 1997), na medida en que engloba todo tipo de combinación de palabras que posúa os trazos de estabilidade e reproducibilidade, e cuxo significado sexa o produto dunha complexa transposición semántica. Deste xeito, inclúense locucións, colocacións, refráns e fórmulas rutineiras.

Tendo en conta estas precisións e os fundamentos teóricos relacionados coa desautomatización fraseolóxica xa mencionados, foi posible identificar un total de 64 titulares que presentan unidades fraseolóxicas desautomatizadas, é dicir, o 2,4 % da mostra inicial. Isto permite advertir que non se trata dun recurso lingüístico empregado con frecuencia, un aspecto relacionado coas principais características da prensa cubana explicadas. A figura 1 mostra a distribución destes 64 titulares nos tres xornais.




Figura 1. Desautomatización fraseolóxica en titulares

Como se pode observar, a presenza deste recurso lingüístico é notablemente maior en *Juventud Rebelde*. Isto incide na diversidade de seccións nas que se divide o órgano oficial da UJC¹⁰ (crónicas, humor, curiosidades, opinión, especial e lectura). Non obstante, tamén se publican nel as principais noticias que forman parte da política comunicacional do país. Polo tanto, aínda que a presenza desta forma de titulación sexa maior, como se verá máis adiante, os efectos que trae consigo non difiren substancialmente dos outros xornais analizados.

Ao analizar a distribución dos titulares segundo os xéneros xornalísticos, apréciase que o 78 % se emprega en xéneros de opinión, mixtos ou de interpretación (artigos, crónicas, reportaxes e entrevistas) e só o 22 % en textos informativos. Por outra banda, a figura 2 mostra a relación establecida entre as unidades fraseolóxicas desautomatizadas como forma de titulación e os temas tratados.

¹⁰ Cómpre lembrar que, segundo Van Dijk (2005), as ideoloxías se adquiren e se aprenden a través do discurso. Neste sentido, hai que ter en conta que a Unión de Jóvenes Comunistas é a canteira fundamental para a incorporación da xuventude cubana ás filas do PCC.




Figura 2. Distribución dos titulares segundo o tema tratado

Advírtese un emprego máis frecuente nos traballos que abordan problemas que afectan á sociedade cubana, onde se inclúen reflexións sobre indisciplinas sociais ou inqedanzas da poboación. Tamén se evidencia na sección dedicada ás publicacións humorísticas o uso de expresións desautomatizadas, pero cómpre destacar que, aínda que mediante o uso da comicidade, nesta sección abórdanse principalmente dificultades económicas, sociais, financeiras e outras dificultades cotiás. Polo tanto, son estes temas, ben sexa desde a sátira ou a interpretación, os que máis se apoian na desautomatización fraseolóxica como forma de titulación. Os datos presentados tamén amosan a ausencia deste recurso lingüístico en materia de política nacional. A diferenza do afirmado por Castañón (2003) ou Guerrero (2017), o seu uso nos titulares deportivos non é moi frecuente na prensa cubana.

Esta distribución temática constitúe a base para a determinación das principais funcións que desempeñan as unidades fraseolóxicas desautomatizadas na prensa cubana. Para iso, primeiro analizarase o tipo de modificación que presenta a expresión e que a converte, polo tanto, nunha unidade desautomatizada. A continuación, explicarase o efecto que trae consigo esta modificación en relación co contido informativo do artigo e o contexto que lle serve de âncora. Así mesmo, con base nos grupos temáticos presentados, fundamentarase o vínculo entre cada un deles coas funcións e efectos da desautomatización.

Ao mesmo tempo, as características do modelo de prensa cubano convérteno nunha fonte ideal para a análise de estruturas discursivas que indexan de forma estratéxica a ideoloxía subxacente, que se reflicte, sobre todo, nos titulares. Así, ao identificar as funcións das unidades fraseolóxicas desautomatizadas na titulación xornalística, non se debe pasar por alto como estas contribúen ou non a describir máis ou menos positiva ou negativamente eventos e actores. Nisto terase en conta a polarización intragrupal-extragrupal das ideoloxías (Van Dijk, 2005: 19) e a preferencia por temas específicos.

É necesario engadir que, aínda que se seleccionaron tres xornais nacionais como fontes para a obtención de datos, a análise das funcións que desempeña a desautomatización

fraseolóxica na titulación non terá un carácter comparativo. Isto baséase, principalmente, no modelo de prensa común que os apoia e que se basea na política comunicacional do país. Polo tanto, incluso cando cada un define a súa propia política editorial e os seus principais lectores, as diferenzas máis salientables atópanse nas seccións que presentan, non no tratamento dos temas nin no enfoque que estes reciben.

5. Funcións da desautomatización fraseolóxica en titulares cubanos. Resultados e discusión

O No conxunto de publicacións dedicadas á política internacional destacan aquelas centradas en analizar as relacións de Cuba con países que se opoñen á ideoloxía socialista da illa, como é o caso de Estados Unidos, Brasil e Israel. Tres dos titulares analizados corresponden ao primeiro destes países:

- (1) *Un nuevo apretón...y en Cuba no come el miedo* (Juventud Rebelde, 7/4/19)
- (2) *En Estados Unidos se juega al duro y sin guante* (Juventud Rebelde, 26/5/19)
- (3) *Trump se poncha con las bases llenas* (Granma, 16/6/19)

Cada unha destas formas de titulación presenta reflexións sobre as consecuencias da posta en práctica de diferentes políticas por parte de Estados Unidos que afectan á economía e a outros sectores do país. A primeira aborda a aplicación do Título III da Lei Helms-Burton, que permite a expropiación de terras ou propiedades cubanas que pertencían a cidadáns estadounidenses antes do proceso de nacionalización levado a cabo por Fidel Castro. Moitas destas forman parte de grandes negocios con importantes investimentos estranxeiros. O artigo argumenta que os investidores foráneos aínda permanecen en Cuba a pesar da devandita lei. Para sintetizar a idea no titular, fúsiónanse dúas unidades fraseolóxicas (*darle a alguien un apretón e comer miedo*) e introdúcese a suspensión do primeiro enunciado.

Os dous titulares restantes apóianse en expresións procedentes do ámbito deportivo, concretamente do béisbol, deporte nacional de Cuba. Prodúcese nos dous casos unha desautomatización semántica, onde o corpo da información serve de áncora contextual e facilita a comprensión da mensaxe. Nótese como se amosa nos casos presentados, a través dun rexistro popular, a resistencia cubana ante os intentos de Estados Unidos de desestabilizar o funcionamento económico do país. Tamén se reforza a intención de representar a unidade do país, neste caso como “un gran equipo” capaz de derrotar a un inimigo poderoso e unido por unha ideoloxía común.

Ás veces, o uso destas expresións contribúe á construción do sentido textual, de forma particular a opinión do autor sobre o tema tratado:

- (4) *Elecciones en Israel son otro perro, pero con el mismo collar* (Juventud Rebelde, 22/9/19)
- (5) *Dios los cría y...* (Trabajadores, 1/4/19)

No exemplo 4 produciuse a transposición de elementos de ambas as partes da estrutura bimembre (*el mismo, otro*). A expresión anuncia, na opinión do analista, o posible cambios de presidente en Israel, pero a permanencia da forma de goberno anterior. Por outra banda, a redución da unidade *Dios los cría y el diablo los junta* no titular 5 é funcional debido ao alto nivel de fixación desta frase. O comentario fai alusión á visita do presidente Jair Bolsonaro ao seu homólogo israelí Benjamín Netanyahu, a cal constitúe, segundo o autor, unha mostra de apoio ao presidente Donald Trump.

Á súa vez, as relacións de Cuba con nacións que comparten ou apoian o modelo social vixente é tamén outro asunto moi tratado nos medios de comunicación. Neste sentido, Venezuela constitúe un dos principais centros de interese. Preséntase o seguinte titular como mostra disto:

(6) *Con Venezuela, hasta que se seque el Orinoco* (Juventud Rebelde, 24/2/19)

Nel tómase como fonte unha das frases analizadas anteriormente neste traballo. Como recurso desautomatizador empregouse a substitución léxica, neste caso por un substantivo pertencente ao mesmo campo semántico. Do mesmo xeito, o elemento substituído contribúe a individualizar a mensaxe presentada e a amosar a unidade de ambos os países.

En xeral, os recursos desautomatizadores empregados en temas de política internacional favorecen o achegamento do lector e o tratamento creativo de elementos de especial interese para a política comunicacional. Tamén serven como vehículo para a ideoloxía subxacente na prensa cubana. Isto evidénciase, en primeiro lugar, na selección de temas específicos como os relacionados con gobernos que simpatizan en maior ou menor medida co modelo político-social implantado en Cuba. Así, o discurso xornalístico, onde a selección de palabras e frases está en función das súas presuposicións e implicaturas ideolóxicas (Van Dijk, 2005: 24), pretende poñer en práctica unha estratexia de autopresentación positiva e presentación negativa do outro.

É importante sinalar que esta estratexia recoñece como grupo non só a Cuba, senón tamén a aqueles países que seguen modelos socialistas ou amosan o seu apoio aos que o fan, por exemplo Venezuela, Nicaragua, Rusia ou China. Mentres tanto, forman parte do “outro”, do extragrupo, gobernos que se opoñen á ideoloxía socialista ou que colaboran con inimigos comúns a esta. Tal é o caso de Estados Unidos, Israel ou Brasil. Para estes últimos, utilízanse as estruturas e estratexias discursivas en función de mitigar as súas cousas boas e resaltar as malas, segundo Van Dijk (2005). Mesmo nalgúns casos, como nos exemplos 3 e 5, a fraseoloxía popular cubana contribúe a ridiculizar as súas supostas derrotas ou eventos.

A exaltación da obra da Revolución Cubana constitúe un tema esencial en todos os medios de comunicación masiva do país. Ao mesmo tempo, a exposición deste tema trata de promover a participación de toda a sociedade en cada un dos logros, a súa defensa e protección. Deste xeito, tamén se reforza a autopresentación positiva do grupo, cuxa ideoloxía se fortalece a través da expresión do seu propio discurso. Os seguintes exemplos ilustran algúns destes aspectos:

- (7) *Ferrocarril cubano a todo tren* (Granma, 4/1/19)
- (8) *No hay sábado sin sol, ni domingo sin trabajo voluntario* (Trabajadores, 18/3/19)
- (9) *Año nuevo, bicicletas nuevas para los carteros* (Trabajadores, 7/4/19)
- (10) *Guajiro bien plantao* (Juventud Rebelde, 7/4/19)

No primeiro caso, tómase como fonte a expresión *a todo tren*, que significa que algo vai moi ben, sen contratempos. Como recurso desautomatizador, engadiuse o sintagma *ferrocarril cubano*, cuxo núcleo está semanticamente relacionado co da unidade orixinal. Deste xeito, intensificase a mensaxe presentada e resáltase a noticia (o funcionamento de varios trens para o transporte nacional de pasaxeiros). Ao literalizar os compoñentes individuais da unidade, confírmase a súa idoneidade para o tema en cuestión.

A substitución de elementos da segunda parte da estrutura bimembre é o recurso empregado nos exemplos 8 (*no hay sábado sin sol, ni domingo sin resplandor*) e 9 (*año nuevo, vida nueva*). No corpo da información que acompaña ao titular 8 pódense ver os argumentos que articulan a coherencia informativo-global do artigo, referido ao duro labor dos habitantes da Habana na recuperación da cidade capital tras o tornado de xaneiro de 2019.

En Cuba, *estar bien plantado* significa gozar dunha boa posición económica, profesional ou financeira. O exemplo 10 presenta unha desautomatización semántica, cuxo significado pode determinarse a través do contexto. Para iso aprovéitase a relación entre os vocábulos *guajiro* e *plantao*, ambos procedentes do discurso labrego do país. Cómpre precisar que a omisión do “d” intervocálico de *plantao* tamén é unha forma de reprodución deste discurso. Ao longo da entrevista exponse o orgullo e o compromiso do informante co seu traballo, quen, como unha árbore, fixa as súas raíces no chan para cumprir coa produción agrícola do país.

A titulación de temas culturais e deportivos alude a nomes propios para lograr a desautomatización fraseolóxica. A partir da súa adición ou substitución, establece relacións semánticas entre o titular e o corpo da información. Nalgúns dos casos, apóiase nas semellanzas fonéticas existentes que evidencian a posta en práctica dun proceso ostensivo-inferencial e, polo tanto, atraen a atención do lector:

- (11) *Rey comprometido, rey puesto* (Trabajadores 10/6/19)
- (12) *Adolfo Roval felicísimo de colgar los números* (Juventud Rebelde 26/5/19)
- (13) *Tocar madera con Ares* (Juventud Rebelde 8/4/2019)

O exemplo 11, ademais da substitución léxica de *muerto* por *comprometido*, apóiase no nome do director do equipo nacional de béisbol, Rey Vicente Anglada. Á súa vez, *colgar los guantes* é sinónimo de renderse. Así, mediante a substitución do complemento directo do titular 12, hónrase a extensa obra artística de Adolfo Roval. De igual xeito, no 13 tómase como fonte a expresión *tocar madera*, é dicir, apartar malos presaxios ou acontecementos. Ademais, esta frase constitúe o título da exposición presentada por Ares, o artista entrevistado.

Os cambios de modalidade oracional son a forma de desautomatización máis recorrente nas publicacións relacionadas con problemas, indisciplinas sociais e preocupacións da cidadanía.

- (14) *¿Motorinas¹¹ de la discordia?* (Juventud Rebelde, 9/6/19)
- (15) *¿El agua de la buena pipa?* (Juventud Rebelde, 16/6/19)
- (16) *¿Quién le pone el cascabel a la lata?* (Trabajadores, 18/3/19)
- (17) *¿Comprar o comerse un cable?* (Granma, 15/3/19)

Esta forma desautomatizadora tamén permite que o autor tome unha posición imparcial no tema tratado. No corpo da información preséntase o positivo e o negativo do problema, os argumentos de ambos os grupos e as distintas opinións ao respecto. Con isto, invita á reflexión e a que o lector, segundo o lido, asuma algún dos puntos de vista expostos, no que o autor se comporta como un axente pasivo que presente ideas, pero non as impón. Mediante a interrogación ponse en práctica tamén a función apelativa da linguaxe, minimízase o papel do autor no valorado ou comentado e xéranse implicaturas diversas.

Así o confirman os titulares 14 e 16. No primeiro, pártese da expresión *é ser la manzana de la discordia*, é dicir, causar conflitos ou consecuencias negativas. Nela produciuse a substitución léxica do núcleo do sintagma. Ao usar a unidade fraseolóxica dun xeito interrogativo, o autor chama á reflexión, consciente de que o tema tratado suscita opinións contraditorias. O mesmo ocorre no exemplo 16, onde se substitúe o complemento indirecto *gato* por *lata*, que funciona como un elemento de apoio contextual. O traballo valora os prezos das latas de cervexa no sector estatal e no sector denominado contapropista¹², un problema para o que propón unha serie de posibles solucións que forman parte da responsabilidade laboral de varias entidades. Como no exemplo 14, tampouco mostra a inclinación cara a ningunha destas, mesmo cando o titular pregunta quen debería facelo.

Ao formar parte da nova política comunicacional do país implementada a partir de 2019, a prensa cubana amosa unha incipiente intención de ofrecer ao público unha visión crítica e obxectiva das dificultades que afronta a sociedade actual. Porén, incluso as aproximacións ao tema resultan un pouco superficiais e carecen de argumentos consistentes. A desautomatización de unidades fraseolóxicas, en concreto o cambio de modalidade oracional, como forma de titulación contribúe a estas análises matizadas pola abstracción. Os autores son capaces de enunciarse ou presentar os problemas, pero é imprescindible unha análise máis profunda e crítica, que transcenda a frecuente autopresentación positiva.

Mentres tanto, os comentarios sobre indisciplinas sociais pretenden influír na educación formal da cidadanía e na transmisión de valores morais e cívicos. As unidades fraseolóxicas destes textos representan unha forma de argumentación debido á súa longa tradición sociocultural como elementos lexitimadores de condutas, hábitos, comportamentos etc. Con elas, apélase á sabedoría popular como unha voz autorizada no tema.

¹¹ Sinónimo de moto eléctrica.

¹² Refírese ás persoas que traballan ou prestan servizos profesionais pola súa conta, de forma particular, sen emprego estatal.

(18) *El que espera... ¿olvida la educación?* (Granma, 29/7/19)

(19) *Basura parece, plata puede ser* (Trabajadores, 26/8/19)

Como recursos desautomatizadores no titular 18 combínanse a suspensión do enunciado, a substitución da segunda parte da estrutura bimembre e o cambio de modalidade oracional. Non obstante, lógrase identificar a expresión básica: *el que espera, se desespera*, que se emprega para recomendar que é mellor non esperar por alguén ou por algo durante moito tempo. O artigo analiza as indisciplinas dos cidadáns nas filas para obter determinados produtos ou servizos e fai un chamamento para que se manteña unha mellor actitude durante estas.

Oro parece, plata no es, esta é a expresión que serve como fonte de creatividade no exemplo 19, cuxo significado está relacionado coa falsidade das aparencias. Levouse a cabo a substitución léxica do substantivo da primeira parte da estrutura bimembre e da forma verbal da segunda pola perífrase *puede ser*. Ambos recursos permiten a adecuación contextual da frase no corpo da información. En concreto, a inclusión do verbo *poder* contribúe á intención educativa da mensaxe, que presenta os posibles beneficios da reciclaxe dos refugallos sólidos.

Segundo a Teoría xeral do humor verbal, a linguaxe é un dos parámetros a través dos cales se presenta un humor potencial. Neste sentido, o coñecemento lingüístico permite “comprender juegos de palabras, efectuar lecturas opuestas de un mismo término, identificar ambigüedades y detectar la manipulación de la forma de una expresión” (Attardo, 2017: 128). A desautomatización fraseolóxica é un recurso frecuente nestes textos, onde, ademais de cumprir unha función lúdica, divertida e artística, contribúe á crítica de feitos, problemas ou persoas.

Algúns dos exemplos que forman parte do corpus aquí analizado pretenden atraer a atención do lector e establecer unha especie de xogo lingüístico onde tamén se activan as capacidades cognitivas e pragmáticas para descodificar a mensaxe:

(20) *La vida es corta...cómete primero el postre* (Juventud Rebelde, 22/9/19)

(21) *Sexo, humor; luego existo* (Juventud Rebelde, 15/12/19)

(22) *Cavidad gástrica satisfecha, víscera cardiaca eufórica* (Juventud Rebelde, 28/7/19)

O titular 21 encabeza unha entrevista a un destacado representante do humor gráfico en Cuba. Ao tratarse dunha personalidade do propio ámbito humorístico, a desautomatización empregada convértese nun elemento coherente co entrevistado, que dista da solemnidade de temas de investigación, política, economía etc.

Os exemplos 20 e 22 invitan a reflexionar sobre asuntos cotiáns sinxelos, aparentemente sen importancia para os lectores. Porén, desde a comicidade, os autores intentan amosar o lado complexo destes temas. Chama a atención o titular 22, no que se produciu a literalización de cada un dos seus compoñentes, acompañada dun cambio de rexistro, co que se pretende ridiculizar a funcionalidade da norma culta en contextos populares. Este fenómeno podería constituír unha especie de *ultraliteralización*, posto que indica

a intención de adaptar a expresión a unha forma aparentemente correcta, pero que en realidade non o é, xa que queda privada de toda a súa funcionalidade discursiva e semántica.

Outros exemplos pertencentes a temas humorísticos propoñen unha forma de crítica novidosa e creativa aos problemas aos que se enfrenta a sociedade cubana actual:

(23) *¿Quién llegó primero: el huevo o el pollo?* (Juventud Rebelde, 26/5/19)

(24) *Pescado por pescado* (Juventud Rebelde, 2/6/19)

O titular 23 toma como fonte a frase *¿Quién llegó primero al mundo: la gallina o el huevo?* Elimínouse a primeira parte da expresión correspondente ao complemento circunstancial de lugar, mentres que un dos elementos léxicos da serie disxuntiva substituíuse por un cohipónimo. Cada un destes elementos permite a inserción da unidade no seu novo contexto, neste caso relacionado coa dispoñibilidade de alimentos na cesta básica familiar.

Deste mesmo contexto procede a expresión *darle a alguien pollo por pescado*, é dicir, dar unha cousa de pouco valor por outra de maior calidade. Tivo a súa orixe nunha das medidas adoptadas polo Ministerio de Comercio Interior para a distribución equitativa dos alimentos de forma regulada. Dada a escaseza de peixe, este produto foi substituído por polo. O comentario correspondente ao titular 24 reflexiona sobre o baixo nivel de importación de polos en Cuba durante 2019, que trouxo consigo a necesaria distribución de peixe de novo.

A análise presentada nesta epígrafe permite identificar a coherencia existente entre os recursos desautomatizadores, as funcións que desempeñan e as temáticas abordadas. Así, nos comentarios de política internacional e na presentación dos logros acadados no país, as unidades fraseolóxicas desautomatizadas contribúen á argumentación da ideoloxía socialista cubana e á construción da opinión do autor. Á súa vez, os cambios de modalidade oracional na titulación de análise de disciplinas ou problemas sociais poñen en práctica a función apelativa da linguaxe e converten ao lector nun participante activo, reducindo así o grao de implicación do xornalista. Nos textos humorísticos teñen unha función lúdica, divertida e artística, pero contribúen a unha crítica social máis creativa, a través de distintas implicaturas.

6. Conclusións

Dun xeito xeral, pódese afirmar que a efectividade da desautomatización fraseolóxica depende do nivel de fixación e do contido do fraseoloxismo orixinal, do contido xerado a partir do cambio e a información extralingüística almacenada no imaxinario colectivo dos interlocutores. Por iso, a súa inclusión nun determinado discurso pode converterse ou non nun recurso efectivo, xa que a mensaxe podería interpretarse dun xeito totalmente terxiversado, centrarse só nun dos matices engadidos ou, pola contra, favorecer unha ampla variedade de informacións implícitas e xerar un maior grao de interese. Isto cobra maior importancia na lingua escrita, sobre todo ao tratarse dos medios de comunicación masiva.

No caso particular da prensa cubana, aínda que se advirte un uso moi reducido da desautomatización fraseolóxica nos titulares, unha vez que se emprega contribúe a desencadear diferentes efectos que están intimamente relacionados co tema que se aborda. Neste sentido, é notable a preferencia polo uso en xéneros de opinión, mixtos ou de interpretación, especialmente en traballos que abordan problemas da sociedade cubana, reflexións sobre indisciplinas sociais e preocupacións da poboación, incluso desde un enfoque humorístico. Os datos presentados tamén amosan a ausencia deste recurso lingüístico en asuntos de política nacional.

O uso de unidades fraseolóxicas desautomatizadas como forma de titulación pretende xerar confusión e provocar interese; viola a máxima de maneira, porque elixe un xeito máis complexo de dicir algo para conseguir maiores efectos e tamén constitúe un método de intensificación lingüística. A perspectiva fraseolóxico-pragmática empregada permitiu determinar, ademais, outras funcións na prensa cubana, como minimizar o papel do xornalista no valorado ou comentado e xerar implicaturas, especialmente en traballos sobre crítica e problemas sociais. Tamén contribúen á construción da opinión do autor na análise de temas políticos de interese.

Do mesmo xeito, a presenza de expresións modificadas intencionadamente nos titulares analizados representa unha forma de argumentación, debido á súa longa tradición sociocultural como elementos lexitimadores de condutas, hábitos, valores etc. Esta función aprovéitase naqueles artigos que pretenden promover un bo comportamento e inculcar valores cívico-culturais relevantes para a sociedade cubana actual.

Por último, cómpre destacar a funcionalidade da desautomatización fraseolóxica como estratexia discursiva que indexa a ideoloxía subxacente da prensa cubana. En particular, o seu uso en traballos sobre política internacional favorece a polarización intragrupal-extragrupal das ideoloxías e constitúe un recurso de autopresentación positiva.

7. Referencias bibliográficas

- ALDAMA, Ismaray (2015): *Propuesta teórica para el estudio de las unidades fraseológicas léxicas de carácter coloquial empleadas en el teatro cubano actual* (Tese de mestrado). Universidad de La Habana.
- ALFARO, Luis (2000): *Estudio fraseológico del discurso oral de inmigrantes canarios y sus descendientes en la región central de Cuba* (Tese de doutoramento). Universidad Central “Martha Abreu” de Las Villas.
- (2007): “La fraseología popular en el ámbito hispánico y en Cuba: algunas referencias históricas y bibliográficas necesarias”, en *Islas*, 49 (154), 143-159.
- ATTARDO, Salvatore (2017): “Humor and Pragmatics”, en ATTARDO, Salvatore (ed.): *The Routledge Handbook of Language and Humor*. Nova Iorque / Londres: Routledge, 126-142.
- CASTAÑÓN, Jesús (2003): “Magia y fiesta del lenguaje deportivo”, en *Efedeportes.com. Revista dixital*, 67. Disponible en <http://www.efdeportes.com/efd67/idioma.htm> [Data de consulta: 18/07/2020].

- CERVERA, Ángel (2019): “Caracterización del componente fraseológico en el discurso periodístico español”, en *Revista de Pensamiento Actual*, 19 (33/2019), 60-78.
- CORPAS, Gloria (1996): *Manual de fraseología española*. Madrid: Gredos.
- CORPAS, Gloria e MENA, Florentina (2003): “Aproximación a la variabilidad fraseológica de las lenguas alemana, inglesa y española”, en *ELUA*, 17, 181-201.
- DÍAZ, Viviana (2016): “La desautomatización de los refranes y fórmulas fijas del lenguaje”, en *Ciencias y Humanidades*, 3, 35-58.
- DÍAZ-CANEL, Miguel (2018): “El camino hacia el horizonte que nos debemos”, en *Granma*. Disponible en <http://granma.cu> [Data de consulta: 31/06/20].
- GARCÉS, Raúl (2013): “Siete tesis sobre la prensa cubana”, en *Cuba debate*. Disponible en <http://cubadebate.cu> [Data de consulta: 29/06/20].
- GARCÍA, Mayra (2015): “El desafío de un mejor periodismo en Cuba”, en *Cuba debate*. Disponible en <http://cubadebate.cu> [Data de consulta: 31/06/20].
- GARCÍA-PAGE, Mario (1998): “Expresiones fijas de polaridad negativa”, en *Lingüística Española Actual*, XX (1), 55-78.
- (2006): “O acrónimo fraseológico”, en *Cadernos de Fraseoloxía Galega*, 8, 111-122.
- (2008): *Introducción a la fraseología española. Estudio de las locuciones*. Barcelona: Anthropos.
- GONZÁLEZ, Carmen (2016): “Aproximación a las unidades fraseológicas y las variaciones diafásicas, diastráticas y diatópicas en italiano y en español”, en *Paremia*, 25, 29-44.
- GRANMA: Disponible en <http://granma.cu> [Data de consulta: 2/02/20-28/02/20].
- GRICE, H. Paul (1975): *Logic and conversation*. Londres / Oxford / Boston / Nova Torque / San Diego: Academic Press.
- (1989): *Studies in the way of words*. Cambridge: Harvard University Press.
- GUERRERO, Susana (2017): “La desautomatización de unidades fraseológicas en titulares deportivos”, en *Verba*, 44, 99-131.
- JUVENTUD REBELDE: Disponible en <http://juventudrebelde.cu> [Data de consulta: 5/01/20-31/01/20].
- LÓPEZ DE ZUAZO, Antonio (1990): *Diccionario del periodismo*. Madrid: Ediciones Prámide.
- LÓPEZ, Antonio (2009): *El titular. Manual de titulación periodística*. México: Editorial Alfaomega.
- (2019): *El titular. Tratado sobre las técnicas, modalidades y otros artificios de la titulación periodística*. Salamanca: Comunicación Social Ediciones y Publicaciones.
- MANCERA, Ana (2014): “Rasgos de carácter coloquial en los titulares de las noticias periodísticas en Internet”, en *Pragmalingüística*, 22, 78-97.
- MARTÍNEZ, Eliana (2012): “Análisis del léxico empleado en los titulares de la prensa popular colombiana”, en *ELUA*, 26, 211-234.
- MOYA, Constanza (2006): “Relevancia e inferencia: procesos cognitivos propios de la comunicación humana”, en *Forma y Función*, 19, 31-46.
- NADAL, Juan (2011): *El discurso ajeno en los titulares periodísticos* (Tese de doutoramento). Universidad de Salamanca.

- PALACIO, Yurelkis (2018): “Tratamiento y evolución de la fraseología en las ediciones del diccionario de Esteban Pichardo (1836-1875)”, en *Anuario de Literatura y Lingüística*, 46, 56-101.
- PAMIES, Antonio (2017): “Fraseología y variación diatópica”, en *Verba hispánica*, XXV, 55-81.
- PCC (1976): “Resolución sobre los Medios de Difusión Masiva del I Congreso del PCC”, en *Memorias Primer Congreso del Partido Comunista de Cuba*. La Habana, Cuba.
- (1998): *Política de Programación para la Radio y la Televisión cubanas* (folleto).
- (2007): *Orientaciones del Buró Político del Comité Central del PCC para incrementar la eficacia informativa de los medios de comunicación masiva del país* (RSB 232, 12/02/2007).
- PIETRZAK, Justyna (2017): “Abreviaturas fraseológicas en binomios italianos”, en *Paremia*, 26,155-165.
- PONTRANDOLFO, Gianluca (2017): “Publicidad y fraseología: cuando un eslogan vale más que mil palabras”, en *redELE*, 29, 1-19.
- RAJIC, Jelena (2013): “Los conceptos de la Teoría de la relevancia y su aplicación al estudio de los marcadores discursivos”, en *Colindancias*, 4, 351-362.
- RUBIO, Leysi e PÉREZ, Irene (2018): “Congreso de la UPEC. Debate sobre la Política de Comunicación y el modelo de prensa cubana”, en *Cuba debate*. Disponible en <http://cubadebate.cu> [Data de consulta: 31/06/20].
- RUIZ GURILLO, Leonor (1997): *Aspectos de fraseología teórica española*. Anexo XXIV de *Cuadernos de Filología*. Valencia: Universitat de València.
- RUIZ MIYARES, Leonel (2015): “Dos aproximaciones al procesamiento computacional de la fraseología”, en *Paremia*, 24, 211-219.
- SALGADO, Eva (2009): *¿Qué dicen los periódicos? Reflexiones y propuestas para el análisis de la prensa escrita*. México: Centro de Investigaciones y Estudios Superiores en Antropología Social.
- SPERBER, Dan e WILSON, Deirdre (1986): *Relevance: Communication and Cognition*. Oxford: Blackwell.
- TIMOFEEVA, Larissa (2009): “La desautomatización fraseológica: un recurso para crear y divertir”, en JIMÉNEZ RUIZ, Juan Luis e TIMOFEEVA, Larissa (eds.), *Estudios de lingüística: investigaciones lingüísticas en el siglo XXI*. Alicante: Universidad de Alicante, 249-271.
- TRABAJADORES: Disponible en <http://trabajadores.cu> [Data de consulta: 4/03/20-29/03/20].
- VAN DIJK, Teun (1983): “Estructuras textuales de las noticias de la prensa”, en *Análisis*, 7-8, 77-105.
- (1990): *La noticia como discurso. Comprensión, estructura y producción de la información*. Barcelona / Bos Aires / México: Ediciones Paidós.
- (2005): “Ideología y análisis del discurso”, en *Utopía y Praxis Latinoamericana*, 10 (29), 9-36.

- VIGARA, Antonio (1998): “Aspectos pragmático-discursivos del uso de expresiones fosilizadas en el español hablado”, en WOTJAK, Gerd (ed.): *Estudios de fraseología y fraseografía del español actual*. Vervuert: Lingüística Iberoamericana, 97-127.
- ZORRILA, José (1996): *El titular de la noticia. Estudio de los titulares informativos en diarios de difusión nacional* (Tese de doutoramento). Universidad Complutense de Madrid.
- ZULUAGA, Alberto (1975): “La fijación fraseológica”, en *Thesaurus. Boletín del Instituto Caro y Cuervo*, XXX, 225-248.
- (1997): “Sobre funciones de fraseologismos en textos literarios”, en *Lingüística y literatura*, 31, 49-64.
- (2001): “Análisis y traducción de unidades fraseológicas desautomatizadas”, en *PhiN*, 16, 67-83.

